

“CONVIVINDO” CO CHAPAPOTE

Un dos políticos que “governaron” a crise do *Prestige* -¿o López Veiga quizais?- dixérao: os galegos tiñamos que nos afacer a convivir con el, coa cousa negra. E parece que, sen esperanza xa dunha acción eficaz que nunca houbo, a xente afronta esa realidade.

Tal é o que se desprende da información que nos chega esta semana. Cóntannolo lugueses que participaron nos actos de Malpica con motivo do Día do Medio Ambiente, o domingo día 8. Unha simple ollada ás praias daquel con-cello, e un paseo polo Cabo San Adrián, permitía contempla-lo panorama de rochas tapi-zadas de negro, e non precisamente por colo-nias de mexillón. O mesmo negro de fuel que se advertía, aínda desde lonxe, na costa das illas Sisargas.

Algunha desta xente achegouse ata Corme. Non só se vían sucias as praias daquela zona, senón que había xente traballando na limpeza, operarios de TRAGSA e aínda algún voluntario. Os lucenses escaravellaron na area e non fixo falta moito para que atopasen piche coma o que sacaron, sacan e sacarán outros na tempada turística deste ano. E é que, segundo nos testemuñaron, A XENTE XA TOMA O SOL A CARÓN DO CHAPAPOTE.

Os anuncios de “situación normalizada” e praias limpas que publican os gobernos non resisten un contraste elemental. *Nunca Máis* segue aquí para denunciá-lo.

O PAÍS DE NUNCA MÁIS

Houbo alguén que, aínda non hai moito tempo e con per-miso de Peter Pan e J. M. Barrie, tivo a idea de aplicar-lle a Galicia esta denomina-ción que a nós, particular-mente, moito nos gusta. Agora, a *Burla Negra*, os ar-tistas de *NM*, asúmena para unha iniciativa que durante o verán manterá o ánimo e a alerta.

Presentásenos coma unha especie de “feira ambulante” que baixo unha carpa per-correrá diferentes puntos do país cunha oferta cultural ampla e variada: cinema, teatro de variedades, poxas de arte, cibercafé, mostras de fotografía e banda dese-ñada... e música, moita música.

Para este mes de xuño está anunciada a presenza da feira en tres puntos, con programas diferentes. Do 12 ó 19 na Ría do Burgo, en Culleredo. Do 19 ó 26 en Lira, Carnota. Do 26 ó 29, en Pontevedra. O elenco de participantes, variado: Si-niestro Total, Mofa e Befá, Candido Pazó, Toñito de Poi, Os Diplomáticos, Susana Sei-vane e un longo etc. Máis información na web da plataforma:

www.plataformanuncamais.org.

MOSTRA EN SARGADELOS

O día 16, se nada se torce, inauguraremos unha mostra de materiais gráficos relacionados coa sección lucense da Plataforma *Nunca Máis*. Haberá fotos, a colección completa da *Crónica Semanal do Chapapote* e algunha cousa máis. Na Galería Sargadelos (praza de Santo Domingo). Recomendable visitala (sen inmodestia).

